

5. 11651 – A respecto da nova localización das hortas urbanas de Novo Mesoiro

As localizacións das hortas na cidade resultantes do proceso participativo foron:

- Novo Mesoiro
- Roseiras-Agra do Orzán
- Castrillón-Os Castros

As parcelas foron clasificadas conforme aos 6 criterios seguintes:

- Propiedade da terra, para determinar a facilidade de reconversión do uso do solo.
- Orientación xeográfica, co obxecto de identificar exposición ao sol.
- Pendente, para determinar o potencial de erosión.
- Infraestruturas existentes, tanto biolóxicas como tecnolóxicas, co obxecto de valoración do custo de implantación destes elementos.
- Accesibilidade e facilidade de aparcas, como factor importante para o futuro uso por parte de persoas que tivesen que achegarse en coche ou autobús.
- Potencial produtivo global, para resumir a capacidade do terreo a producir horta

O acceso ás hortas é gratuito dende a modificación da ordenanza fiscal en 2016. A preparación das hortas e posta a disposición da cidadanía tera lugar na segunda metade deste ano.

A Coruña, 5 de xuño de 2017



Xulio Ferreiro Baamonde